

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

244 *Orde DEF/2/2015, do 8 de xaneiro, pola que se modifica a Orde DEF/3217/2011, do 18 de novembro, pola que se regula o Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas.*

A disposición derradeira novena da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, habilita o ministro de Defensa para regular o Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas.

En aplicación desta disposición ditouse a Orde DEF/3217/2011, do 18 de novembro, pola que se regula o Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, que adscribía o Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas á Secretaría Xeral Técnica.

Así mesmo, a disposición adicional segunda 1 do Real decreto 910/2012, do 8 de xuño, polo que se aproba o Regulamento do Consello de Persoal das Forzas Armadas, establece que nas súas relacións co Ministerio de Defensa as asociacións profesionais se dirixirán e recibirán información exclusivamente a través da Secretaría Permanente do Consello de Persoal.

En liña coas citadas disposicións, que supuxeron un paso importante para establecer e desenvolver os procedementos de inscrición relativos a asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas e a súa participación e interlocución co Ministerio de Defensa, esta norma pretende adscribir, por razóns de oportunidade e coordinación, o Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas á Secretaría Permanente do Consello de Persoal das Forzas Armadas do Ministerio de Defensa, xa que esta secretaría é o órgano que proporciona os apoios administrativos necesarios ao Consello de Persoal das Forzas Armadas, adscrito á Subsecretaría de Defensa, único interlocutor coas asociacións profesionais das Forzas Armadas en materias relacionadas co estatuto e condición de militar, o exercicio dos dereitos e liberdades, o réxime de persoal e as condicións de vida e traballo nas unidades.

Durante a súa tramitación, as asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas emitiron informe sobre este proxecto, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas. Finalmente, de acordo co establecido no artigo 49.1.b) da citada lei orgánica, tivo coñecemento e foi oído o Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, e de acordo co Consello de Estado,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da Orde DEF/3217/2011, do 18 de novembro, pola que se regula o Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas.*

O artigo 3 da Orde DEF/3217/2011, do 18 de novembro, pola que se regula o Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, queda redactado como segue:

«Artigo 3. *Natureza e adscrición do Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas.*

O Rexistro é un órgano administrativo do Ministerio de Defensa adscrito á Secretaría Permanente do Consello de Persoal das Forzas Armadas. Situarase en Madrid e terá carácter unitario para todo o territorio nacional.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 8 de xaneiro de 2015.–O ministro de Defensa, Pedro Morenés Eulate.